

Resolución do 18 de marzo de 2022, do Director-Xerente, no proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola que se aproban as listas de contratación e de agarda definitivas.

Por resolución do 14 de marzo de 2022 da comisión de selección, aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de contratación e agarda entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre dita lista de contratación e de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso, o Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.-Resolver as reclamacións efectuadas.


Resolver as reclamacións efectuadas contra as listas provisionais na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Segundo.-Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas.

Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos/as, trala resolución das reclamacións efectuadas contra as listas provisionais de contratación e agarda na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por duplicado exemplar, que figura como ANEXO, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, especificando o posto de prelación e a puntuación total acadada.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2022.

O Director-Xerente.



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira